



INSTRUCCIÓN CONXUNTAS DA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS PARA A APLICACIÓN NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DO PREVISTO NA LEI 7/2016, DO 1 DE XULLO, POLA QUE SE APROBA UNHA RETRIBUCIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO PARA OS EMPREGADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA

Primeira.- Aspectos xerais.

De conformidade co establecido na Lei 7/2016, do 1 de xullo, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir de acordo coa Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

Esta lei aproba un crédito extraordinario para aplicar a todo o persoal do sector público autonómico para atender o abono dunha retribución de carácter extraordinario proporcional aos servizos prestados durante os meses de xaneiro e febreiro de 2013.

O artigo 21 da Lei 2/2013 do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 establecía que as retribucións a percibir no ano 2013 o persoal funcionario incluírían o complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe. Este complemento experimentará, respecto da súa contía o 1 de xaneiro de 2012, unha redución equivalente á suma das pagas adicionais correspondentes aos meses de xuño e decembro, e percibirase en doce mensualidades e dunha porcentaxe análoga sobre as retribucións íntegras anuais para o resto do persoal do sector público autonómico así como ao persoal do ensino concertado, por razóns de equidade e xustiza.

A retribución de carácter extraordinario aboarase de acordo co procedemento e normas de cálculo establecidas na instrución segunda. En ningún caso, a liquidación realizada poderá superar a parte correspondente aos importes deixados de percibir como consecuencia da aplicación do previsto no artigo 21 da Lei 2/2013 do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

O aboamento das cantidades que correspondan como consecuencia da aplicación do disposto nesta instrución acreditaranse na nómina do mes de agosto do ano 2016, agás para aqueles empregados para os que a habilitación correspondente non dispoña da totalidade dos elementos formais necesarios, acreditándose neste caso na primeira nómina que sexa posible.

O literal que figurará nos recibos de nómina será o seguinte “Retribución de carácter extraordinario de recuperación do axuste retributivo do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013”.



Segunda.- Normas de cálculo.

O cálculo da cantidade a recuperar polos empregados públicos afectados polo axuste retributivo do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 consistirá na nómina do mes de agosto dun importe pola totalidade da cantidade suprimida no ano 2013 restándolle os importes xa recuperados por calquera circunstancia aplicando a seguinte fórmula:

$$R=(PE*16,16\%)-CS$$

Onde:

R: Importe da recuperación.

PE: Total importe suprimido no ano 2013

CS: Importes xa recuperados por calquera circunstancia.

Esta mesma fórmula aplicaráselle aos membros do Consello da Xunta, aos altos cargos e ao persoal eventual da Administración da Xunta de Galicia, aos membros do Consello de Contas de Galicia e do Consello Consultivo de Galicia e demais persoal a que se refire o artigo 13 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, así como ao restante persoal ao servizo do sector público autonómico .

Terceira.- Persoal entes instrumentais do sector público autonómico

O persoal ao servizo dos entes instrumentais do sector público autonómico ao que se lle axustasen as súas retribucións e tivese servizos prestados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do ano 2013, percibirá un importe equivalente o 16,16% da cantidade anual axustada pola aplicación da Lei 2/2013.

Este importe farase efectivo **nos mesmos conceptos retributivos** nos que se tivese aplicado a redución no ano 2013.

Cuarta.- Órgano que debe realizar o pagamento.

Os importes correspondentes aos empregados públicos que sigan en activo e conserven o mesmo destino que no momento da supresión serán aboados polas mesmas unidades que realicen o pago das súas nóminas.

Os importes correspondentes aos empregados públicos que sigan en activo pero non conserven o mesmo destino que no momento da supresión serán aboados, no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, pola consellería, organismo autónomo ou entidade a través da que perciba as súas retribucións no mes de agosto de 2016.

No caso de que o empregado público estivese prestando servizos na actualidade para unha administración distinta a aquela na que estaba no período a que corresponden a redución do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, corresponde a esta última acordar, se é o caso, a devolución e facela efectiva.

Cando varias administracións suprimiran no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 a un mesmo empregado público parte das súas retribucións como consecuencia da aplicación da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de



Galicia para o ano 2013 deberán, cada unha delas, realizar a devolución que lle corresponda en función das cantidades non satisfeitas polas mesmas.

Os importes correspondentes aos empregados públicos que non se encontren en activo con anterioridade ao primeiro día do mes de agosto de 2016 serán aboadas polo órgano ao que lle correspondera satisfacer as pagas suprimidas logo de solicitude presentada ante ese órgano polos interesados no modelo que se xunta como anexo e que estará dispoñible na páxina <http://www.conselleriadefacenda.es/colectivos/empregados-publicos/orzamentos>

Quinta.- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e cotizacións sociais.

Un.- As cantidades aboadas en concepto de recuperación dos importes suprimidos pola aplicación da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, serán consideradas, aos efectos do IRPF, como rendementos do traballo obtidos no ano 2016 e polo tanto deben ser imputadas a este exercicio.

Dous.- As cantidades aboadas por este concepto incrementarán as bases de cotización á Seguridade Social cando, como consecuencia da redución, no ano 2013 foran obxecto de minoración. En caso contrario a percepción destas cantidades non afectará á base reguladora da Seguridade Social.

Tres.- Os importes das cotas mensuais dos dereitos pasivos e de cotización a Muface e outras mutualidades de funcionarios non se verán afectadas polas cantidades que se abonen.

Sexta.- Instrución ao Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico -Financeira e Contable.

O CIXTEC xerará de oficio as listaxes cos perceptores para os que elabore as nóminas que estiveran en activo o último día do mes anterior ao sinalado para o pagamento, aos que lle sexan aplicables estas instrucións, coas contías que procede liquidar a cada un. Estas listaxes remitiranse ás consellerías, organismos e entidades para os efectos da súa posterior comprobación.

Co fin de contabilizar diferenciadamente o custo derivado desta recuperación deberase imputar o gasto aos seguintes subconceptos, en función do tipo de persoal:

- Altos cargos 100.31
- Persoal de gabinete 110.31
- Persoal funcionario e estatutario 120.31 e 121.31
- Funcionarios en prácticas 124.31
- Persoal laboral fixo 130.31
- Persoal laboral temporal 131.31
- Persoal laboral temporal (profesores de relixión) 132.31
- Persoal laboral temporal indefinido 133.31
- Persoal laboral disposición transitoria 9ª Bis IV convenio. Sen sentenza 134.31
- Persoal investigador 136.31
- Outro persoal 140.31



Sétima.- Actuacións a desenvolver polos xestores de gasto

As habilitacións de persoal ou os correspondentes órganos competentes para a liquidación das nóminas comprobarán as listaxes remitidas polo CIXTEC e practicarán as retencións correspondentes nos casos nos que non concorran as circunstancias sinaladas nesta instrución.

Así mesmo, remitirán á Subdirección Xeral de Custos de Persoal da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos un certificado coas contías brutas por partida orzamentaria satisfeitas en cumprimento destas instrucións. Cando o órgano pagador non estea recollido dentro do perímetro de consolidación do orzamento, empregaranse as partidas da propia contabilidade de cada entidade.

Unha vez realizada a devolución da totalidade dos importes efectos de redución no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 as habilitacións efectuaran os cálculos correspondentes para tramitar as transferencias de crédito que sexan necesario efectuar desde o concepto 171 *fondo de recuperación retributiva da sección 23* ata os subconceptos aos que se imputaran efectivamente estes pagamentos.

Oitava.- Modificación das Instrucións conxuntas da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para a aplicación no sector público autonómico do previsto na disposición adicional décimo cuarta da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2016, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario en concepto de recuperación da paga extraordinaria de decembro de 2012 aos empregados do sector público autonómico de Galicia de data 28 de marzo de 2016.

No punto segundo das ditas instrucións establecíase un pago parcial na nómina do mes de setembro, este importe farase efectivo no mes de agosto.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2016

A interventora xeral da Comunidade Autónoma
P.S. Decreto 110/2014, do 1 de agosto, artigo 13.1
O subdirector xeral de Fiscalización e Control
Interno



Juan José González Acevedo

Secretarías Xerais Técnicas
Sr. Director do CIXTEC

O director xeral de Planificación e Orzamentos



Miguel Corgos López-Prado



ANEXO

SOLICITUDE DE PAGAMENTO DAS CANTIDADES EN CONCEPTO DE RECUPERACIÓN DOS IMPORTES EFECTIVAMENTE DEIXADOS DE PERCIBIR DE ACORDO COA LEI 2/2013, DO 27 DE FEBREIRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2013, NA PARTE PROPORCIONAL AO TEMPO DE SERVIZOS PRESTADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XANEIRO E O 28 DE FEBREIRO DE 2013 PARA O PERSOAL QUE NON ESTEA EN SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO.

D./D^a. _____ e domicilio para efectos de _____ con DNI en _____
 notificacións en _____

teléfono: _____ / correo electrónico: _____

Datos administrativos durante o período de devindicación comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013:

Consellería/organismo: _____

Centro directivo: _____

Tipo de persoal:

Funcionario	<input type="checkbox"/>
Estatutario	<input type="checkbox"/>
Laboral	<input type="checkbox"/>
Alto Cargo	<input type="checkbox"/>

Outro: _____

Solicita:

O aboamento das cantidades en concepto de recuperación dos importes deixados de percibir como consecuencia do establecido na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2013, na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, e, para tal fin, achéganse os datos bancarios:

IBAN

Banco/Caixa		Sucursal	D.C.	Nº Conta
E	S			

_____, _____ de _____ 2016

Consellería/Entidade: _____